



DATOS IDENTIFICATIVOS

Simulación aplicada a deseño e fabricación

Materia	Simulación aplicada a deseño e fabricación			
Código	V04M183V01205			
Titulación	Máster Universitario en Industria 4.0			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4.5	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Cerqueiro Pequeño, Jorge			
Profesorado	Cerqueiro Pequeño, Jorge Comesaña Campos, Alberto Santos Esterán, David			
Correo-e	jcerquei@uvigo.es			
Web	http://masterindustria40.webs7.uvigo.es/wordpress/			
Descrición xeral	Con esta materia preténdese formar ao alumno na selección de ferramentas de modelado e simulación aplicadas aos procesos de deseño e fabricación, atendendo ás circunstancias concretas a ter en conta, no marco da paradigma da Industria 4.0.			
	A materia facilitará aos alumnos a experiencia do uso de diferentes ferramentas de modelado e simulación de sistemas e compoñentes industriais, permitíndolles observar as súas capacidades e limitacións, concluíndo coa elaboración de comparativas entre diferentes solucións e pregos de especificacións para a selección da proposta óptima.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
A3	Que os estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e enfrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
B1	Capacidade de organización e planificación.
B2	Resolución de problemas.
B7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo.
C21	Coñecer e saber usar ferramentas de modelado e simulación por elementos finitos, diferenzas finitas e fluidodinámica computerizada (CFD) como ferramentas de Enxeñaría Asistida (CAE).
C22	Seleccionar as ferramentas adecuadas de modelado e simulación por elementos e diferenzas finitas (FEM) e fluidodinámica computerizada (CFD) para a resolución de problemas de enxeñaría de deseño e fabricación.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.
D2	Incorporar no exercicio profesional criterios de sustentabilidade e compromiso ambiental. Adquirir habilidades no uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.
D3	Traballo en equipo multidisciplinar

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Coñecer as ferramentas de modelado e simulación por elementos finitos, diferenzas finitas e fluidodinámica computerizada (CFD).	A1 B2 B7 C21 D2
Aplicar as ferramentas de modelado e simulación por elementos finitos, diferenzas finitas e fluidodinámica computerizada (CFD) como ferramentas de Enxeñaría Asistida (CAE).	A3 B2 B7 C21 D2 D3
Seleccionar as ferramentas de modelado e simulación máis adecuadas para a resolución de problemas específicos de enxeñaría de deseño e fabricación no contexto da Industria 4.0.	A1 A3 B1 B2 C22 D1 D3

Contidos

Tema	
1. Introducción á simulación de compoñentes e procesos.	1.1. Modelos e simulación. 1.2. Ferramentas para a simulación de compoñentes. 1.3. Ferramentas para a simulación de procesos. 1.4. Ferramentas de modelado simbólico.
2. O papel do modelado e a simulación na Industria 4.0.	2.1. Finalidades do modelado e a simulación. 2.2. Estratexias para o modelado e a simulación na Industria 4.0.
3. Modelado e simulación por elementos finitos (FEM).	3.1. Fundamentos e conceptos nas técnicas FEM. 3.2. Aplicacións das ferramentas FEM en enxeñaría. 3.3. Ferramentas FEM para modelado e simulación mecánica. 3.4. Aplicacións das ferramentas FEM na Industria 4.0. 3.5. Selección de ferramentas FEM na Industria 4.0.
4. Modelado e simulación por diferenzas finitas (FDM): técnicas, ferramentas, conceptos e aplicacións.	4.1. Fundamentos e conceptos nas técnicas FDM. 4.2. Aplicacións das ferramentas FDM en enxeñaría. 4.3. Ferramentas FDM para modelado e simulación de procesos de fabricación. 4.4. Aplicacións das ferramentas FDM na Industria 4.0.
5. Modelado e simulación por fluidodinámica computerizada (CFD).	5.1. Fundamentos e conceptos nas técnicas CFD. 5.2. Aplicacións das ferramentas CFD na enxeñaría. 5.3. Ferramentas CFD para modelado e simulación mecánica. 5.4. Aplicacións das ferramentas CFD na Industria 4.0.
6. Selección de ferramentas de modelado e simulación para deseño e fabricación.	6.1. Avaliación de necesidades de modelado e simulación nos procesos de enxeñaría de deseño e fabricación. 6.2. Análise de prestacións dos sistemas de modelado e simulación. 6.3. Metodoloxía de selección de sistemas de modelado e simulación. 6.4. Ferramentas propietarias de cálculo e simulación.
Exercicio práctico nº 1.	Desenvolvemento dun caso práctico de simulación de sistemas multi-tecnoloxía empregando ferramentas de modelado simbólico.
Exercicio práctico nº 2.	Elaboración dun estudo FEM para a enxeñaría de deseño dun produto industrial.
Exercicio práctico nº 3.	Elaboración dun estudo FDM para a enxeñaría de fabricación dun produto industrial.
Exercicio práctico nº 4.	Elaboración dun estudo CFD para a enxeñaría de deseño dun produto industrial.
Exercicio práctico nº 5.	Elaboración dunha simulación dun sistema mecánico empregando ferramentas de cálculo propietarias.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	9	16	25
Resolución de problemas de forma autónoma	9	16	25
Prácticas con apoio das TIC	13	32.5	45.5
Aprendizaxe baseado en proxectos	2	12	14
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Presentación	1	0	1
Observación sistemática	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor/a dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver.
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia, a través das TIC.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos/as, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas de forma autónoma	Actividade na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno/a debe desenvolver a análise e resolución dos problemas e/ou exercicios de forma autónoma.
Prácticas con apoio das TIC	Actividades de aplicación dos coñecementos nun contexto determinado e de adquisición de habilidades básicas e procedementais en relación coa materia, a través das TIC.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos/as, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de liderado, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais. Para todas as modalidades de docencia contempladas no Plan de Continxencias, as sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros de FAITIC, etc.) baixo a modalidade de concertación previa do lugar virtual, data e hora.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas obxectivas	Exame de preguntas obxectivas. Probas obxectivas parciais e/ou finais.	40	A1	B1	C21	D2
Presentación	Presentacións. Traballo. Proxecto. Informe de Prácticas.	40	A1 A3	B1 B2	C21 C22	D1 D2 D3
Observación sistemática	Observación Sistemática. Actividades complementarias de avaliación continua.	20	A3	B2		D1 D3

Outros comentarios sobre a Avaliación

Os/As estudantes que non superen a materia en formación continua na convocatoria de primeira oportunidade, de cada curso académico, na que a distribución de pesos de avaliación é a anteriormente indicada, terán a posibilidade de presentarse a un exame de preguntas obxectivas, de valor o 100% da nota final, en sucesivas convocatorias que non sexan a de primeira oportunidade de cada curso académico.

Espérase que o alumno presente un comportamento ético axeitado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, por exemplo), se considerará que o alumno non reúne os requisitos necesarios para superar a materia. Dependendo do tipo de comportamento non ético detectado, se podería concluír que o alumno non alcanzou as competencias necesarias para superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

ANSYS Inc., **ANSYS Fluent Tutorial Guide, Release 2019 R1**, 2019 R1, ANSYS Inc., 2018

Fernández, Mario, **INDUSTRIA 4.0: Tecnologías y Gestión en la Transformación Digital de la Industria**, 1ª, Editor independente, 2020

Fontes, Ed, **FEM vs. FVM**, -----, COMSOL Blog, 2018

Gunal, Murat M., **Simulation for Industry 4.0: Past, Present, and Future**, 1ª, Springer, 2019

Lee, Huei-Huang, **Finite Element Simulations with ANSYS Workbench 2019**, SDC Publications, 2019

Vásquez Angulo, José Antonio, **Análisis y Diseño de Piezas de Máquinas con CATIA V5**, 1ª, Marcombo, 2008

Bibliografía Complementaria

Adams, Vince; Askenazi, Abraham, **Building Better Products with FEM**, 1ª, Delmar Cengage Learning, 1998

CADArtifex; Willis, John; Dogra, Sandeep, **SOLIDWORKS Simulation 2019: A Power Guide for Beginners and Intermediate Users**, 3ª, Independently published, 2019

DASSAULT SYSTÈMES, **3DS ACADEMY**, 2020, DASSAULT SYSTÈMES, 2020

Fritzson, Peter, **Introducción al Modelado y Simulación de Sistemas Técnicos y Físicos con Modelica**, 1ª, Wiley-IEEE Press, 2015

Law, Averill M., **Simulation, modeling and analysis**, 5ª, McGraw-Hill Education, 2015

Tezuka, Akira, **Finite Element and Finite Difference Methods**, 1ª, Springer, 2006

Ustundag, Alp; Cevikcan, Emre, **Industry 4.0: Managing The Digital Transformation**, 1ª, Springer, 2018

Versteeg, H.K.; Malalasekera, W., **An Introduction to Computational Fluid Dynamics: The Finite Volume Method**, 2ª, Prentice Hall, 2007

Zamani, Nader G., **CATIA V5 FEA Tutorials: Release 21**, SDC Publications, 2012

Recomendacións

Outros comentarios

As comunicacións cos estudantes faranse a través da Plataforma de teledocencia FAITIC, polo que é necesario que o estudante acceda ao espazo da materia na plataforma previamente ao comezo da docencia.

Antes da realización das probas de avaliación, recoméndase consultar a Plataforma FAITIC para confirmar a data, lugar, recomendacións, etc., así como a necesidade de dispor de normativa, manuais ou calquera outro material para a realización dos exames e resolución de traballos non presenciais.
